

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NA DELEGACIÓN DE OURENSE
O DÍA 22 DE OUTUBRO DE 2009,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real Decreto 2066/2008, do 12 de decembro, para o período 2009-2012
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun tramo da estrada PO-534 á altura do punto quilométrico 9+400 en Barciela-Vilatuxe-Lalín a favor do Concello de Lalín
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de mellora da seguranza viaria en Rodiño (Boqueixón), p.q. 4+040 ao 6+040 na AC-960
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto mellora de seguridade viaria na travesía de Abellá no termo municipal de Frades (A Coruña)

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de monumento, o Castro de Troña, no termo municipal de Pontearreas, na provincia de Pontevedra

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se crea o Rexistro de asociacións profesionais de traballadores autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se declara o ámbito territorial do Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Consellería de Sanidade, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, para o control aerobiolóxico de Galicia, por un importe de cento sesenta e dous mil cento setenta euros con trinta e dous céntimos (162.170,32 €)

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de adhesión do Concello de Cortegada á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o *Centro Nacional de Información Geográfica* e a Comunidade Autónoma de Galicia, para o desenvolvemento do Plan nacional de ortografía aérea. (Comunidade Autónoma 553.052,50 €, Administración Central 1.073.572,50 €)
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego da Vivenda e Solo a subscribir e desembolsar accións por un importe de dous millóns setecentos noventa e dous mil setecentos euros (2.792.700 €) na ampliación de capital promovida pola sociedade *Xestión Urbanística de Pontevedra S.A*
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración suscrito o 18 de abril de 2008 entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello da Coruña, para o impulso do Plan de rexeneración dos espazos urbanos na Cidade Vella e Pescadería
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da segunda addenda ao convenio de colaboración asinado entre a extinta Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Vigo, para a mellora da seguridade viaria da PO-330, avenida de Castrelos e mellora da seguridade viaria da PO-552, avenida de Florida en Vigo

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello de Cerceda, para a execución do proxecto de ampliación do Polígono Industrial de Acevedo (1ª fase), en Cerceda, por un importe de cincocentos mil euros (500.000,00 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello de Cerceda, para a execución do proxecto de Centro de Desenvolvemento Tecnolóxico e de Formación en Cerceda, por un importe de dous millóns seiscentos mil euros (2.600.000,00 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello de Cerceda, para a execución do proxecto para a dotación de infraestruturas deportivas: vestiario con gradas no Campo de adestramento "O Roxo", en Cerceda, por un importe de trescentos sesenta e nove mil cento cincuenta e sete euros con noventa e catro céntimos (369.157,94 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e *Gas Natural, SDG, SA*, para o desenvolvemento do hidróxeno na optimización do recurso enerxético eólico en Galicia, asinado en Santiago de Compostela o 14 de marzo de 2005
- Acordo polo que se autoriza a concesión directa dunha subvención mediante un convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica e a *Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA)*, para a posta en marcha do Plan Estratéxico do Sector da Automoción en Galicia (PESA), no exercicio 2009, por un importe de oitocentos setenta e oito mil novecentos corenta euros (878.940,00 €)

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Turismo, e o Concello de Bande para o acceso, acondicionamento do medio, axardinamentos e infraestruturas turísticas no xacigo arqueolóxico de *Aquis Querquennis* situado en Porto Quintela (Bande-Ourense), por un importe de cento cincuenta mil cento sesenta euros (150.160,00 €)
- Acordo polo que se autoriza sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Turismo, e os concellos de Verín e Monterrei para o reacondicionamento do Camiño Real, por un importe de

catrocentos sesenta e sete mil setecentos once euros con cincuenta e seis céntimos (467.711,56 €)

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a establecer anticipos superiores ao 10 por cento do importe das subvencións, no momento da súa concesión, e compromisos de gastos de carácter plurianual, ao abeiro do artigo 58.1 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, na Orde pola que se aproba a convocatoria e subvencións para o financiamento de plans de formación sectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscrición de convenio de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o Programa IMPULSA- Ourense
- Informe sobre o proxecto de actuacións nas sedes xudiciais da provincia de Ourense

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre o Plan de saneamento e abastecemento para a provincia de Ourense, período 2010- 2013

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da orde da Consellería de Traballo e Benestar pola que establecen as bases reguladoras do programa de apoio ás iniciativas emprendedoras promovidas por persoas traballadoras que esgotaron as súas prestacións por desemprego

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO DO PLAN DE VIVENDA 2009-20012, QUE FACILITARÁ O ACCESO Á VIVIENDA A 50.755 FAMILIAS GALEGAS, CON AXUDAS POR IMPORTE DE PRETO DE 600 MILLÓNS DE EUROS

- *Poderán calificarse como protexidas vivendas individuais en construción dentro dunha promoción de vivendas libres. Tamén poderán acollerse ás axudas vivendas libres rematadas, sempre que pasara un ano dende a obtención da licenza de primeira ocupación*
- *Tódalas familias con ingresos inferiores a 2,5 veces o iprem que acceden a unha vivenda ao abeiro do Plan reciban unha axuda da Xunta de Galicia*
- *Mozos, familias numerosas e monoparentais, dependentes, persoas con discapacidades, vítimas da violencia doméstica e do terrorismo, separados e divorciados, emigrantes retornados e chabolistas terán un tratamento preferencial*
- *Preto de 600 millóns de euros en axudas inducirán un investimento de máis de 3.000 millóns de euros e a creación de máis de 40.000 empregos*

Tódalas familias galegas que accedan a unha vivenda protexida sen ter sido antes propietarias terán unha axuda directa da Xunta de Galicia de 2.000 euros, sempre que os ingresos familiares non superen 2,5 veces o iprem (Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples), segundo establece o Decreto polo que se regulan as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da comunidade autónoma de Galicia e a xestión das previstas polo Ministerio de Vivenda no Plan de Vivenda e Solo 2009-2012 e que foi aprobado hoxe polo Consello da Xunta.

A Xunta de Galicia subvencionará tamén a adquisición de vivenda por menores de 35 anos, familias numerosas, familias monoparentais con fillos, familias con dependentes ou con membros con discapacidade, mulleres vítimas da violencia de xénero, vítimas do terrorismo e persoas separadas ou divorciadas que perderan as súas vivendas. En cada caso contéplase unha axuda de 2.000 euros, acumulables cando o adquirente se atope en máis dunha das devanditas circunstancias. No caso de familias numerosas de 5 ou máis membros a axuda incrementarase noutros 2.000 euros, pasando a ser de 4.000 euros.

No caso de grupos en grave risco de exclusión social, como chabolistas e emigrantes retornados, que acceden á vivenda en propiedade, a axuda será do 25 por cento, cun límite máximo de 17.000 euros. Esta axuda, que xa fora introducida pola Xunta de Galicia nos planes 2002-2005 e 2005-2008, non é compatible co resto de axudas autonómicas.

Outra das novidades deste Decreto é que se amplía de forma substancial a poboación susceptible de recibir axudas para a adquisición de vivenda, incluíndo ás familias con ingresos entre 3,5 e 4,5 veces o iprem, que no plan anterior non tiñan dereito a

axudas directas e unicamente podían recibir subsidiación do préstamo cando se trataba de primeiro acceso á vivenda.

Axudas estatais

As axudas establecidas pola Xunta de Galicia son ademais compatibles coas financiadas polo Ministerio de Vivenda pero xestionadas pola Xunta de Galicia.

Estas axudas poden acadar un máximo de 8.000 euros para tódolos adquirentes de vivenda protexida con ingresos que non superen 2,5 veces o iprem. A contía redúcese a 7.000 e 5.000 euros cando os ingresos están entre 2,5 e 3,5 ou entre 3,5 e 4,5 veces o iprem respectivamente. Tódalas axudas estatais para familias con ingresos entre 3,5 e 4,5 veces o iprem son de nova creación neste Plan, o mesmo que no caso das axudas autonómicas.

Os menores de 35 anos terán unha axuda de 9.000, 8.000 ou 6.000 euros segundo os tramo de ingresos no que se atopen.

As axudas poderán acadar os 12.000 euros no caso de familias numerosas, familias monoparentais con fillos e familias con persoas dependentes ou con discapacidades oficialmente recoñecidas, sempre que os ingresos non superen 2,5 veces o iprem. Para os outros dous tramos de renda (2,5-3,5 e 3,5-4,5 iprem) as axudas serán de 10.000 e 8.000 euros respectivamente.

Finalmente haberá unha axuda de 11.000 euros para mulleres vítimas da violencia de xénero, vítimas do terrorismo e persoas separadas ou divorciadas, que perderon a súa vivenda e estean ao corrente de pago das pensións alimenticias ou compensatorias e teñen ingresos que non superen 2,5 veces o iprem. Para as familias comprendidas neste suposto e nos outros dous tramos de renda a axuda será de 9.000 e 7.000 euros respectivamente.

Estas axudas non son compatibles entre si, pero poden acumularse coas da Xunta de Galicia.

Subsidiación do préstamo

Ademais tódolos compradores de vivendas ao amparo deste Decreto, con ingresos que non superen 4,5 veces o iprem, terán dereito á subsidiación do préstamo obtido para a compra da vivenda. A subsidiación será aplicable durante os cinco primeiros anos do préstamo, ampliábles a outros cinco, e a súa contía será de ata 100 euros por cada 10.000 euros de préstamo, segundo os tramos de renda nos que se atopen os beneficiarios (80 euros para o tramo intermedio e 60 para o superior). Esta subsidiación incrementárase en 50 euros para familias numerosas, familias monoparentais con fillos e familias con persoas dependentes ou con discapacidade cuxos ingresos non superen 2,5 veces o iprem. No caso de que os ingresos estean

entre 2,5 e 4,5 veces o iprem o incremento da subsidiación será de 30 euros por cada 10.000 de préstamo.

Obxectivos

O Plan de Vivenda 2009-2012 en Galicia prevé a promoción de 13.780 vivendas protexidas de nova construción ao longo dos catro anos de vivencia do mesmo, das que 9.620 serán para venda e 3.980 para alugueiro. Asemade, o Ministerio de Vivenda cofinanciará a construción de 180 vivendas de promoción pública. Tamén se prevén axudas para a adquisición de 1.070 vivendas usadas.

O Decreto aprobado hoxe establece a posibilidade de calificar como protexida unha soa vivenda dentro dun edificio de vivendas libres, ademais da calificación por edificios completos ou plantas dos mesmos.

Doutra banda, poderán acollerse ás axudas do Plan de Vivenda, cumprindo os requisitos establecidos para as protexidas, as vivendas libres cando se trate da primeira venda e pasara polo menos un ano dende a obtención da licenza de primeira ocupación.

Polo que respecta ao alugueiro, ademais da promoción de vivendas de nova construción destinadas ao mesmo, o Plan de Vivenda prevé que a través do mesmo se financien 3.270 axudas a inquilinos acollidas ao programa de axudas ao alugueiro.

Asemade, o Plan prevé actuacións de rehabilitación, tanto en Areas de Rehabilitación Integral (ARIS) como en Áreas de Renovación Urbana (ARUS), erradicación do chabolismo e axudas Renove, destinadas a mellorar a eficiencia enerxética, a hixiene, saúde e protección do medio ambiente nos edificios e vivendas, e a utilización de enerxías renovables. En total os diferentes programas de rehabilitación prevén 29.025 actuacións no conxunto do Plan.

Finalmente o Plan de Vivenda 2009-2012 prevé a creación de solo residencial para a construción dun total de 3.610 vivendas protexidas, das que a meirande parte estarán en áreas prioritarias.

En total, os obxectivos iniciais do Plan de Vivenda 2009-2012 supoñen un incremento de máis do 56 por cento respecto dos obxectivos iniciais do anterior plan

Investimento

Preto de 600 millóns de euros serán destinados en Galicia para axudas para adquisición e rehabilitación de vivendas e promoción de solo residencial para a construción de vivendas protexidas entre a Xunta de Galicia e o Estado.

Esta inxección económica terá efectos sobre o conxunto da economía da comunidade autónoma, xa que se estima un investimento global, incluíndo as achegas de promotores, particulares e administracións públicas, que superen os 3.000 millóns de euros e supoñan a creación de máis de 40.000 postos de traballo.

SUBVENCIONS AUTONÓMICAS E ESTATAIS PARA COMPRA DE VIVENDA AO ABEIRO DO PLAN DE VIVENDA

	Galicia (*)	Estado		
		Ingresos (referidos ao Iprem)		
	Ata 4,5	≤2,5	2,5-3,5	3,5-4,5
Xeral	2.000	8.000	7.000	5.000
Menos de 35 anos	2.000	9.000	8.000	6.000
Familias numerosas	2.000 (1)	12.000	10.000	8.000
Familias monoparentais con fillos	2.000	12.000	10.000	8.000
Persoas dependentes ou con discapacidade	2.000	12.000	10.000	8.000
Mulleres vítimas de violencia de xénero	2.000	11.000	9.000	7.000
Vítimas do terrorismo	2.000	11.000	9.000	7.000
Persoas separadas ou divorciadas	2.000	11.000	9.000	7.000
Emigrantes retornados e/ou chabolistas	25% (2) 17.000			

(*) As axudas da Comunidade Autónoma son acumulables entre si (excepto das de emigrantes retornados e chabolistas) e súmanse ás do Ministerio. As axudas do Ministerio non son acumulables entre si)

(1) Familias con 5 ou máis fillos: 4.000 euros

(2) Límite de ingresos: 1,5 veces o IPREM. A axuda consiste nun 25% do custe da vivenda, cun límite de 17.000 euros.

A XUNTA TRASPASA AO CONCELLO DE LALÍN UN TRAMO DA ESTRADA BARCIELA-VILATUXE-LALÍN (PO-534)

- *A Lei de estradas de Galicia establece que as vías autonómicas ou treitos determinados delas, en que a circulación adquira características urbanas, poderán ser entregadas aos respectivos concellos*
- *Esta vía atópase nunha zona con certa densidade e tránsito de peóns e de circulación de vehículos turismos e de uso agrogandeiro*

O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se autoriza o cambio de titularidade dun tramo viario da estrada Barciela-Vilatuxe-Lalín (PO-534), pertencente á rede primaria básica, polo que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a traspasará a favor do Concello de Lalín. Este tramo, que ten unha lonxitude de 380 metros, discorre pola parroquia de Vilatuxe, concretamente, entre o punto quilométrico 9+400 ata o 9+790 e presenta unhas características que a definen como urbano.

Esta vía quedou fóra da mencionada estrada e atravesa o núcleo rural da parroquia de Vilatuxe, atopándose nunha zona con certa densidade e tránsito de peóns e de circulación de vehículos turismos e de uso agrogandeiro.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas resolveu favorablemente este cambio, ao considerar que o tramo mencionado adquiriu características netamente urbanas. Este ditame foi comunicado ao Concello da Lalín, que manifestou a súa aceptación.

Nese senso, unha vez realizado o traspaso, correspóndenlle ao concello pontevedrés todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidera corresponderlle como nova administración titular das estradas.

Aspectos legais

Cómpre precisar que a entrega da vía se formalizará, no prazo de dous meses seguintes á publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Segundo se recolle no artigo 5 da Lei 4/1994, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería con competencias na materia e logo do acordo entre as administracións afectadas.

Por outro lado, o artigo 54 deste texto legal establece que as estradas autonómicas ou treitos determinados delas, en que a circulación adquira características urbanas se

lles entregarán aos respectivos concellos. Tamén se estipula que o expediente se promoverá por proposta do concello ou da administración titular e será resolto polo Consello da Xunta.

O CONSELLO DA XUNTA INICIA O PROCESO DE EXPROPIACIÓN DOS BENS AFECTADOS POLO PROXECTO DE MELLORA E SEGURIDADE VIARIA NO LUGAR DE RODIÑO, NO CONCELLO CORUÑÉS DE BOQUEIXÓN

- *Con esta intervención preténdese rematar cos numerosos accidentes de tráfico que se producen neste tramo*
- *Para levar a cabo estas obras, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas investirá máis de 2,7 millóns de euros*
- *Estas melloras beneficiarán a unha poboación de case 10.000 habitantes das localidades coruñesas de Boqueixón e Vedra*

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza desta mañá o inicio do proceso de expropiación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de mellora de seguridade viaria no lugar de Rodiño no concello coruñés de Boqueixón, concretamente dende o punto quilométrico 4+040 ao 6+040 na estrada AC- 960. Para levar a cabo estas obras, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas investirá máis de 2,7 millóns de euros.

Con esta intervención preténdese a adecuación e mellora viaria da AC-960 no lugar de Rodiño, na parroquia de Sergude, xa que neste tramo existe un treito en que, nestes últimos anos, se produciron un número de accidentes importante, xa que se localizan curvas con características xeométricas e sección transversal non axeitadas; ademais existen zonas de concentracións de poboación e a calzada é demasiado estreita e sen beiravía, o que xera, aínda estando a velocidade limitada, situacións na circulación non desexables. Así mesmo, o proxecto considera a reformulación das encrucilladas pois as existentes son mellorables para a seguridade viaria.

De conformidade co artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, a aprobación dos proxectos de estradas de titularidade autonómica implicará a declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos correspondentes para os fins de expropiación, de ocupación temporal ou de imposición ou modificación de servidumes.

Os bens e dereitos en que se concreta a declaración de urxente ocupación aparecen recollidos e valorados no proxecto técnico e a xustificación da urxencia de ocupación dos bens e dereitos precisos para a execución deste proxecto.

Características técnicas


Por todo isto, intervírase nunha vía de dous quilómetros, pertencente á rede primaria básica da Xunta de Galicia, que se dividirá en dous carrís de 3,5 metros cada un e dúas beiravías dun metro cada unha delas; nas travesías, o largo dos carrís será de 3

metros; as beiravías executaranse cun variable que vai dende medio metro a un metro; e as beirarrúas oscilarán entre 1,80 á 3,5 metros, dependendo da zona.

Pola súa banda, na semiglorieta farase un carril de catro metros; dúas beiravías dun metro e o radio interior da illeta será de 7 metros, mentres que o exterior chegará aos 13 metros.

Entre as obras complementarias que se levarán a cabo elaboraranse sendas peonís, a drenaxe lonxitudinal e transversal, a sinalización e balizamento e o saneamento e abastecemento.

Estas melloras beneficiarán a unha poboación de case 10.000 habitantes das localidades coruñesas de Boqueixón e Vedra.




A XUNTA MELLORARÁ AS CONDICIÓNS DE SEGURIDADE VIAL EN MÁIS DE DOUS QUILÓMETROS DA ESTRADA ORDES-LANZÁ (AC-524), NO TERMO MUNICIPAL DE FRADES

- *A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas disporá dun orzamento de máis de 500.000 euros para a materialización destas obras na travesía de Abellá*
- *O obxecto desta acción é establecer unha serie de recorridos peonís continuos seguindo o trazado da estrada e aproveitando as súas marxes*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas asumirá os gastos necesarios para levar a cabo o proxecto de mellorar a seguridade viaria da estrada Ordes-Lanzá (AC-524), ao seu paso pola parroquia de Abellá, no termo municipal de Frades. Esta actuación conta cun orzamento de 540.676 euros, que serán asumidos ao 100% pola Xunta, e actuarase en máis de dous quilómetros. Concretamente, esta actuación afectará o treito desta vía comprendido entre os puntos quilométricos 8+400 e 10+700, onde se establecerá unha serie de recorridos peonís continuos seguindo o trazado da estrada e aproveitando as súas marxes.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara de utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por este proxecto.



A finalidade desta actuación é garantir a seguridade dos peóns, xa que se trata dunha área poboada pola que discorre unha estrada cun nivel de tráfico importante. Ademais, esta zona caracterízase por ter un tráfico mixto, ao circular coches con vehículos e maquinaria dedicada a labores agrícolas, polo que se poden orixinar situacións de risco en certos puntos do núcleo.

Cómpre sinalar que o prazo de execución destas obras é de 9 meses e afectará aos veciños do concello de Frades, polo que ao remate dos traballos un total de 2.732 veciños deste concello coruñés se verán beneficiados.

Para a materialización destas obras será preciso mover máis de 6.000 metros cadrados de terra, dispor de 524 toneladas de mestura bituminosa en quente e estender 7.275 metros cadrados. Ao remate destes traballos, este treito viario contará con nova iluminación pública, restauración paisaxística e elementos de sinalización e balizamento.

O CONSELLO DA XUNTA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL, COA CATEGORÍA DE MONUMENTO, O CASTRO DE TROÑA EN PONTEAREAS

- *O decreto delimita asemade o contorno do elemento patrimonial, que será obxecto de protección e conservación pola declaración do BIC*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración como ben de interese cultural, coa categoría de monumento, o Castro de Troña, no termo municipal de Ponteareas na provincia de Pontevedra. O decreto delimita ademais o contorno do monumento que será afectado pola declaración como ben de interese cultural, de cara a protección e conservación dos accidentes xeográficos e elementos naturais desta área territorial.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, vistos os informes dos seus servizos técnicos, mediante Resolución do 1 de xuño de 2009 resolveu incoar no seu favor o procedemento para a declaración como ben de interese cultural. O Castro de Troña presenta unha potencialidade patrimonial de gran significación nun período moi representativo da cultura castrexa. O estado das súas estruturas, pola súa boa conservación e polos investimentos en escavacións e consolidacións, presenta un aspecto monumental, aínda que hoxe en día moi esvaecido pola invasión da vexetación en boa parte das súas construcións.

O monumento do Castro de Troña comprende unha área de 105 990 metros cadrados e o seu contorno de protección abrangue 169 621 metros cadrados. A área do monumento comprende o recinto castrexo e todas as súas estruturas, e engloba as derradeiras estruturas exteriores, polo que se estende sobre unha área en todo o seu perímetro que pode albergar terreos de actividade relacionados co poboado. O contorno de protección do monumento responde ao preceptuado na Lei do patrimonio Cultural de Galicia.

Historia

O Castro de Troña, situado na parroquia de Pías (Ponteareas), localízase nun esporón do monte Landín desde o que se domina visualmente o río Tea e posúe unha localización estratéxica que lle proporciona unha óptima defensa, ademais de boas condicións para o abastecemento pola súa proximidade co río. O interese por este xacigo comeza nos anos vinte do pasado século. Nese momento ábrese unha pista ao pé do castro, que rompe coa liña do foso, e descubre estruturas de muros xunto con diversos materiais significativos, o que suscitou un gran interese por parte dos investigadores Florentino López Cuevillas, pertencente ao Seminario de Estudos Galegos, e o catalán Luis Pericot.

As primeiras escavacións leváronse a cabo na parte sueste do castro, onde apareceron dous petróglifos; un soliforme e o outro, máis coñecido, con forma de serpe e en posición heráldica. O petróglifo da serpe atópase sobre unha rocha con

cara plana, traballada e vertical, pegado á entrada dunha casa; este elemento deu lugar a aparición de lendas sobre mouros e encantos que engrosaron o rico folclore do país. Os grandes descubrimentos iniciais deste equipo de estudosos desencadearon varias campañas de escavacións consecutivas de 1927 a 1930.

Transcorrido un longo período de abandono, as escavacións arqueolóxicas retómanse en Troña en 1981 ata mediados os anos noventa, cando se incide nos traballos de limpeza e consolidación, polo que foi un dos primeiros asentamentos castrexos en que se levaron a cabo tarefas de restauración e posta en valor na comunidade galega. Os traballos dos anos 80 permitiron realizar unha aproximación á contextualización do xacemento, que se encadra entre o século VI a.C. e o I d.C. como un dos castros máis antigos de Galicia, que foi abandonado paulatinamente a finais do século I d.C. con probabilidades de ter sido ocupado de xeito residual con posterioridade. As escavacións alongáronse ata 1987 e puxeron ao descuberto un conxunto de estruturas que indicaban un certo proto-urbanismo ou ordenamento a través de lousados, canles de desaugamento ou vivendas con vestíbulo.

O GOBERNO GALEGO DÁ LUZ VERDE Á CREACIÓN DO REXISTRO DE ASOCIACIÓNS PROFESIONAIS DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS

- *O rexistro será único para todo o territorio galego e estrutúrase nunha oficina central, dependente da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, e nas oficinas dos departamento territoriais*
- *Trátase do primeiro paso de cara á creación do Consello Galego do Traballo Autónomo como órgano consultivo adscrito á Consellería de Traballo e Benestar*
- *Esta iniciativa supón o desenvolvemento do título III do Estatuto do traballo autónomo*

O Consello da Xunta deu esta mañá luz verde ao decreto polo que se crea o rexistro de asociacións profesionais de traballadores autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta normativa vén a desenvolver o título III da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, que supuxo o recoñecemento do movemento asociativo dos autónomos como instrumento de participación na sociedade.

Esta nova normativa regulará este rexistro, de natureza pública, e regulará o procedemento de inscrición das asociacións, as súas federacións, as súas confederacións e unións constituídas.

O rexistro será único para todo o territorio galego e estruturarase nunha oficina central, dependente da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, e nas oficinas provinciais, dependentes dos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

As funcións deste rexistro serán principalmente a de inscrición das asociacións e as federacións, así como recoller as súas modificacións estatutarias, variacións dos órganos de goberno e a súa cancelación.

Unha vez que se publique este decreto, continuarase co labor normativo de desenvolvemento do Estatuto do traballo autónomo a través da elaboración do decreto que determine os criterios de representatividade das asociacións profesionais, e que estableza tamén a composición e funcionamento do órgano que declare a representatividade destas asociacións. Este traballo culminará coa creación do Consello Galego do Traballo Autónomo como órgano consultivo adscrito á Consellería de Traballo e Benestar.

O GOBERNO GALEGO APROBOU A AMPLIACIÓN DO PARQUE NATURAL DA BAIXA LIMIA-SERRA DO XURÉS

- *Este espazo protexido contará cunha extensión total de 29.345 hectáreas*
- *As alegacións formuladas polos interesados foron estudadas e tidas en conta no momento de incrementar a superficie do parque*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se declara a ampliación do Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, situado no suroeste da provincia de Ourense e fronteirizo con Portugal. Mediante esta norma, este espazo protexido pasará das actuais 20.920 hectáreas (declaradas polo Decreto 29/1993, do 11 de febreiro, de creación do parque) a un total de 29.345, incluíndo novas áreas adxacentes ao espazo inicial, conformadas por hábitats prioritarios e de interese comunitario, que constitúen núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación.

No decreto ao que deu luz verde hoxe o Consello establécese a nova superficie protexida, dentro dos termos municipais dos concellos de Bande, Lobeira, Entrimo, Lobios, Muíños e Calvos de Randín, unha vez estudadas e tidas en conta as alegacións formuladas polos veciños interesados.

Na norma tamén se fai referencia a que a Consellería do Medio Rural será o órgano competente para elaborar un plan reitor de uso e xestión que, despois de ter sido sometido a información pública e informe da xunta consultiva, será aprobado pola Xunta de Galicia.

Reserva da Biosfera

O Parque do Xurés conforma, xunto co Parque Nacional Peneda na parte portuguesa, a Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês/Xurés, aprobada o 26 de maio pasado polo *Consello Internacional de Coordinación (CIC) do Programa da UNESCO sobre o Home e a Biosfera (MaB)*.

O Parque Natural da Baixa Limia – Serra do Xurés inclúe un importante conxunto de tipos de hábitats naturais e especies de interese para a conservación. Os principais compoñentes bióticos deste espazo natural están claramente relacionados cos territorios atlánticos e centroeuropeos, ademais de contar cunha importante penetración de elementos de flora e fauna de tendencia mediterránea, o que implica a presenza de especies e comunidades vexetais e animais cuxa representación en Galicia é practicamente exclusiva.

O GOBERNO GALEGO FINANCIA UN PROXECTO DE MEDICIÓN DA INTENSIDADE DA POLINIZACIÓN DA AIRE DE GALICIA

- *As consellerías de Medio Ambiente e de Sanidade financian este proxecto nun 40% e 60%, respectivamente. O importe ascende a 162.170 euros*
- *As universidades de Santiago e Vigo achegarán catro captadores adicionais, co fin de ampliar a rede de control aerobiolóxico, así como o equipo de investigadores*
- *Esta colaboración quedará determinada e regulada nun convenio de colaboración que será asinado polos titulares das consellerías de Medio Ambiente e Sanidade e polos reitores das universidades de Santiago de Compostela e Vigo, Senén Barro e Alberto Gago, respectivamente*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre as consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e Sanidade e as universidades de Santiago de Compostela e Vigo. Esta colaboración ten por obxectivo promover un proxecto de control aerobiolóxico de Galicia, cuxo importe ascende a 162.170 euros.

Trátase dunha iniciativa no ámbito da sanidade ambiental, onde o obxectivo xeral consiste na toma de mostras continuas no ambiente para coñecer o principio, o remate e a intensidade da polinización. Esta información é moi útil para as persoas sensibles, permitindo que tanto elas como os profesionais sanitarios estean preparados para o momento en que o risco de enfermidade sexa maior. O montante económico achegado na súa totalidade por parte de Xunta tradúcese en 65.772 euros a cargo da Consellería de Medio Ambiente (un 40%), aos que hai que sumar 96.398 euros que subvenciona a Consellería de Sanidade, dirixida por Pilar Farjas.

Pola súa banda, as universidades de Santiago e Vigo dispoñen de investigadores, así como de medios técnicos axeitados para levar a cabo os traballos e as actividades conveniadas, polo que achegarán catro captadores adicionais, co fin de ampliar a rede de control aerobiolóxico.

A universidades de Santiago e de Vigo son dúas entidades que levan a cabo actividades de investigación, docencia e desenvolvemento científico e tecnolóxico. De feito, estes departamentos docentes levan varios anos traballando na monitorización do pole e as esporas presentes na atmosfera galega, tanto por razóns sanitarias como por razóns ambientais, co fin de coñecer a dinámica das partículas.

Ao longo deste período, ambas as universidades subscribiron varias colaboracións co Goberno galego nesta materia, que derivaron no establecemento da Rede Galega de Aerobioloxía, que conta cunha serie de captadores de control aerobiolóxico que permiten a elaboración de mapas, informes e predicións do contido polínico atmosférico en Galicia.

Contido da colaboración

Esta actuación en común quedará determinada e regulada nun convenio de colaboración que será asinado polos titulares das consellerías de Medio Ambiente e Sanidade e polos reitores das universidades de Santiago de Compostela e Vigo, Senén Barro e Alberto Gago, respectivamente.

Os traballos serán realizados por un equipo de investigación baixo a dirección da profesora do departamento de Botánica da USC, María Jesús Aira Rodríguez, mentres que no caso da Universidade de Vigo, María Victoria Jato Rodríguez, profesora de Bioloxía vexetal e Ciencias do solo, será a directora.

Razóns de peso

Cómpre indicar que a investigación aerobiolóxica se está a levar a cabo en todos os países industrializados, xa que ademais do seu grande interese clínico, debido á capacidade alérxica do pole e das esporas, nas últimas décadas púxose de manifesto a súa totalidade para coñecer a dinámica atmosférica das partículas biolóxicas, as achegas dos contaminantes biolóxicos a longa distancia, así como a influencia dos ventos e das inversións térmicas.

Sucede que cando o pole de certas plantas é transportado polo vento, entra en contacto coas mucosas conxuntival e respiratoria das persoas e, en aquelas que son sensibles, provocan un cadro clínico de carácter alérxico (conxuntivite, rinite, asma). Ademais, a sensibilidade das persoas mantén unha relación de especificidade cos distintos tipos de pole, e estes teñen o seu propio comportamento estacional, xa que hai un período do ano en que se produce a polinización, e por iso a enfermidade alérxica tamén ten o mesmo comportamento estacional.

A AXENCIA DA LEGALIDADE URBANÍSTICA ASUMIRÁ AS COMPETENCIAS EN SOLO RÚSTICO, URBANIZABLE E NÚCLEOS RURAIS NO CONCELLO OURENSÁN DE CORTEGADA

- *En virtude deste convenio, o Concello de Cortegada delega neste organismo o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística*
- *Con esta adhesión son 47 os convenios autorizados polo Consello da Xunta e 41 os acordos xa asinados*
- *Asinarase un convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o concello para a súa adhesión á Axencia da Legalidade Urbanística (APLU)*

A Axencia da Legalidade Urbanística, organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, vén de asinar un convenio co concello ourensán de Cortegada. O obxectivo principal deste acordo é a colaboración no restablecemento da legalidade urbanística que corresponda neste concello. Con esta adhesión serían 47 os convenios autorizados polo Consello da Xunta e 41 os acordos xa asinados.

A Axencia da Legalidade Urbanística é un ente público de natureza consorcial para desenvolver, en común coa Xunta de Galicia e os concellos que se integren de maneira voluntaria nela, as funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

A través deste acordo, axústanse as súas relacións recíprocas aos deberes de información mutua, colaboración, coordinación e respecto polos ámbitos competenciais de ambas as dúas administracións.

Responsabilidades

En virtude deste convenio, o Concello de Cortegada delega na Axencia da Legalidade Urbanística o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas nalgunhas das seguintes clases de solo: solo rústico, solo urbanizable mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

Nesta delegación de competencias non se inclúe a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo concello. A resolución dos

recursos administrativos interpostos contra os actos emitidos pola axencia en exercicio de competencias delegadas corresponderá ao Concello.

Entre outras disposicións, o municipio de Cortegada terá que prestar cooperación e asistencia activa que o organismo autonómico lle solicite para a eficaz exercicio das súas competencias; facilitarlle ao persoal da axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como canta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións; e contribuír ao sostemento económico da axencia nos termos que establece o convenio de adhesión.

A integración deste concello na APLU será plenamente efectiva unha vez asinado o respectivo convenio de colaboración e logo da súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG).

MEDIO AMBIENTE COLABORA CO CENTRO NACIONAL DE INFORMACIÓN DE XEOGRAFÍA NA CAPTACIÓN DE FOTOGRAFÍAS ÁREAS DE CASE 20.000 KM CADRADOS DAS ZONAS LESTE E OESTE DE GALICIA

- *A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas asumirá o 34% do orzamento necesario para a materialización deste traballo, que ascende a 1,6 millóns de euros*
- *Esta acción enmarcase dentro do Plan Nacional de Ortografía Aérea (PNOA) proposto polo Instituto Xeográfico Nacional para constituír e actualizar periodicamente a cobertura de España de fotografía aérea*
- *Esta colaboración contribúe ao desenvolvemento da iniciativa Inspire, que se basea na creación dunha infraestrutura europea homoxénea de información espacial enfocada ao ambiente*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Centro Nacional de Información Xeográfica (CNIG) para a realización de dúas coberturas de voo, coa finalidade de realizar un traballo fotogramétrico dixital de ortoimaxes dixitais en cor. Este traballo implica un orzamento de 1,6 millóns de euros, dos cales un 34%, é dicir, 553.052 euros, e a parte restante polo CNIG.

O programa consistirá na captación de fotografías áreas de case 20.000 quilómetros cadrados das zonas leste e oeste da Comunidade Autónoma.

Esta acción enmárcase dentro do Plan Nacional de Ortografía Aérea (PNOA) proposto polo Instituto Xeográfico Nacional para constituír e actualizar periodicamente a cobertura de España de fotografía aérea, ortográfica dixital de alta resolución e modelo dixital do terreo de alta precisión e resolución. Por outro lado, o CNIG precisa contar e dispoñer de ortofotografías aéreas de alta resolución e modelos dixitais do terreo de todo o territorio nacional.

Ademais esta colaboración contribúe ao desenvolvemento da iniciativa Inspire, que se basea na creación dunha infraestrutura europea homoxénea de información espacial enfocada ao ambiente.

Así, as obrigas da Consellería serán a cobertura do voo fotogramétrico dunha superficie de 13.361 quilómetros cadrados correspondentes á zona oeste de Galicia e o tratamento e procesamento das ortoimaxes para obter o modelo dixital de elevacións do terreo. Tamén terá que desenvolver labores de apoio de campo e aerotianguilación e das ortoimaxes en cor, xeradas a partir do fotogramas de voos fotogramétricos realizados polo CNIG e pola consellería.

A Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe ten as competencias relativas á elaboración, mantemento e actualización da información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento dos estudos da consellería. Tamén é responsabilidade deste departamento a coordinación e difusión da información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento dos estudos territoriais das diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma.

Outro dos seus cometidos é xestionar os sistemas de información que poidan localizarse sobre o territorio susceptible de seren incorporadas coa súa referencia xeográfica para a creación da infraestrutura de datos espaciais de Galicia.

Para realizar un exercicio axeitado das competencias e das responsabilidades, resulta indispensable contar cun detallado soporte ortográfico e con modelos dixitais do territorio galego para a súa integración na infraestruturas de datos espaciais de Galicia. A finalidade é que sirva de ferramenta para a realización das análises necesarias para a planificación territorial, o estudo da ocupación e o uso do solo, da paisaxe, da densidade e distribución edificatoria e da vexetación ou a detección de cambios.

APROBADA A AMPLIACIÓN DE CAPITAL DE XESTUR PONTEVEDRA PARA EVITAR A DISOLUCIÓN DA SOCIEDADE

- *O IGVS subscribirá 2.792.700 euros, o que supón o 62,06 por cento do total*
- *A Consellería de Economía e Facenda subscribirá 1.431.450 euros, o que supón o 31,81 por cento do capital de Xestur*
- *A situación financeira de Xestur Pontevedra obrigou a compensar os resultados negativos de 2008, reducir o capital a cero e posteriormente ampliálo*

O Consello da Xunta de Galicia celebrado hoxe autorizou ao Instituto Galego da Vivenda e Solo e á Consellería de Facenda a subscribir a ampliación de capital da empresa pública Xestur Pontevedra, cun importe total de 4.224.150 euros.

A situación financeira en que o actual equipo de dirección atopou Xestur Pontevedra levou á xunta xeral de accionistas, celebrada o 30 de xullo de 2009, a tomar o acordo de compensar os resultados negativos de 2008, que ascenderon a 17.309.821,70 euros, reducindo a cero o capital da sociedade para proceder a unha inmediata ampliación de capital co obxectivo de evitar que a sociedade permanecera en situación de disolución obrigatoria por perdas que deixan reducido o patrimonio neto a unha cantidade inferior á metade do capital social, segundo establece a Lei de sociedades anónimas.

Coa ampliación de capital, o Instituto Galego da Vivenda e Solo seguirá contando coa maioría do capital de Xestur (62,06 por cento), mentres a Consellería de Economía e facenda dispón dun 31,81 por cento do capital e a Deputación Provincial de Pontevedra dun 6,13 por cento. Posto que a ampliación de capital de Xestur Pontevedra acada os 4,5 millóns de euros, o Consello da Xunta autorizou o IGVS a subscribir e desembolsar 2,792.700 euros e á Consellería de Economía e Facenda 1.431.450 euros.

Pola súa parte, a Deputación Provincial de Pontevedra ten previsto aprobar esta mesma semana a súa participación na ampliación de capital, por importe de 275.850 euros

AMPLIACIÓN DE CAPITAL DE XESTUR PONTEVEDRA

ORGANISMO	% PARTICIPACIÓN	IMPORTE
IGVS	62,06	2.792.700
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA	31,81	1.431.450
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	6,13	275.850

TOTAL	4.500.000
-------	-----------

A XUNTA AUTORIZA O REAXUSTE DE ANUALIDADES DO CONVENIO CO CONCELLO DA CORUÑA PARA A REXENERACIÓN DE ESPAZOS URBANOS NA CIDADE VELLA E PESCADERÍA

O atraso na execución das obras por parte do Concello da Coruña obriga a reducir nun millón a anualidade 2009 e trasladalo a 2011

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha addenda ao convenio de colaboración asinado en 2008 entre a Consellería de Vivenda e o Concello da Coruña para a rexeneración de espazos urbanos da Cidade Vella e Pescadería.

O devandito convenio establecía que Vivenda subvencionaría cun máximo de seis millóns de euros as obras que o Concello debería realizar na Cidade Vella da Coruña e zona da Pescadería, actuando nos seguintes espazos:

- 1.- Praza da Cormelana.
- 2.- Praza de San Nicolás.
- 3.- Igrexa castrense de San Andrés.
- 4.- Praza Fonte de San Andrés (Xeneral Mola).
- 5.- Praza de España.
- 6.- Praza de Santa Catalina.
- 7.- Praza Xeneral Cánovas de la Cruz.
- 8.- Praza da Constitución.
- 9.- Praza pintor Álvarez de Sotomayor.
- 10.- Praza dos anxos.
- 11.- Praza Marqués de San Martiño.
- 12.- Praza Xeneral Millán Astray.
- 13.- Praza do Humor.
- 14.- Praza de Cortaduría-Praza de Santo Domingo.
- 15.- Xardín de San Carlos.
- 16.- Praza de Santa Bárbara.
- 17.- Praza da Colexiata.
- 18.- Cantón Grande.
- 19.- Praza de María Pita.
- 20.- Praza Xeneral Azcárraga

O convenio establecía que a achega da Xunta se realizaría en tres anualidades:

ANUALIDADES SEGUNDO O CONVENIO INICIAL

ANUALIDADE	IMPORTE
2008	806.250

2009	2.900.000
2010	2.293.750

O atraso na execución das obras por parte do Concello obriga a modificar as anualidades previstas no Concello, polo que a addenda aprobada hoxe polo Consello da Xunta procede a un reaxuste das anualidades, reducindo a correspondente a 2009 nun millón de euros, que se trasladan a 2011.

REAXUSTE DE ANUALIDADES

ANUALIDADE	IMPORTE
2008	806.250
2009	1.900.000
2010	2.293.750
2011	1.000.000

A XUNTA INVESTIRÁ EN 2010 UN TOTAL 3,4 MILLÓNS DE EUROS NA AVENIDA DE CASTRELOS E FLORIDA, EN VIGO, COA INTENCIÓN DE REMATALAS NO PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO

- *O investimento total da Xunta en materia de mellora na seguridade viaria ascende a máis de 8 millóns de euros*
- *O departamento que dirixe Agustín Hernández está a actuar en case catro quilómetros destas vías*

O Consello da Xunta probou hoxe unha segunda addenda ao convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Esta actuación orzamentaria ten por obxecto o reaxuste de anualidades do convenio entre o Concello de Vigo e o departamento que dirixe Agustín Hernández. Con esta colaboración, o Goberno galego investirá máis de 8 millóns de euros na cidade de Vigo para a mellora na seguridade viaria nas estradas PO-330 a o seu paso pola Avenida de Castrelos, e a PO-552, na Avenida da Florida, dos que 3,4 recollidos nos orzamentos de 2010. De feito, está previsto que as obras estean rematadas nos primeiros meses do vindeiro ano.

Concretamente, para as obras de seguridade viaria da PO-330 (Avenida de Castrelos) invítense máis de 3,6 millóns, mentres que nas accións de mellora de seguridade da PO-552 (Avenida da Florida) se reservou unha partida de máis de 4,5 millóns. As actuacións tamén inclúen accións sobre os servizos urbanos, xa que se está a realizar unha renovación e dotación de servizos de abastecemento, saneamento, iluminación pública, xardinaría e rego e de distribución de enerxía eléctrica.

En calquera dos casos, as actuacións tratan de consolidar unha mellora na seguridade viaria das rúas así como na calidade de uso e acabados. Estas actuacións permitirán ampliar os espazos destinados a tránsito peonil e establecer uns percorridos mellor coordinados do tráfico rodado, o que redundará na humanización do contorno. Anunciou que as obras estarán rematadas no primeiro trimestre de 2010.

Avenida de Castrelos

As obras que se están a realizar na avenida de Castrelos afectan a totalidade da vía, cuxa lonxitude é dun quilómetro. Na actualidade trabállase na redefinición dos carrís de circulación, así como das bandas de aparcamento. Tamén se están a coordinar os espazos públicos coas edificacións existentes, mediante a adaptación dos accesos ao Pavillón Central das Travesas, e a mellorar as condicións de evacuación en caso de emerxencia. Por outra banda, tamén se establecen novas áreas de aparcamento e servizos para o pavillón.

Asemade, deséñase a configuración dunha nova rede semaforica, o trazado e implantación dunha nova sinalización horizontal e vertical, que permitan coordinar os tráficos de rúas tan transitadas como Arquitecto Palacios ou a Avenida Portanet. Os traballos nesta vía da cidade de Vigo tamén implican a ampliación das beirarrúas, e unha nova pavimentación a base de lastro de granito nas bandas de aparcamento.

En canto ás obras relativas aos servizos urbanos, sobre o abastecemento estanse a substituír os treitos existentes en fibrocemento, deixando unha rede en canalización de fundición. No capítulo do saneamento procédese á renovación dun importante colector de augas residuais, substituíndose o actual ovoide de formigón por un colector cun diámetro de 1500 mm, que se coloca dende o pavillón de deportes ata a entrada do colector no Parque de Castrelos, onde serán conducidas as augas ata o tanque de tormentas.

Con motivo da existencia de tendidos eléctricos da rede de baixa tensión por fachada, desenvólvese unha canalización, para facilitar o posible soterramento das liñas, ademais de reforzar a canalización existente. No relativo aos traballos de iluminación pública, substitúese a existente por unhas novas e máis eficientes luminarias, logrando un maior rendemento lumínico e unha mellor distribución dos puntos de luz. Por último, dótase á rúa de arboredo colocados sobre alcorques de fundición e instalándose unha rede de rega automática programable en todas as árbores.

Avenida de Florida

O proxecto que se están levando a cabo na Avenida da Florida abarcan máis de 2,2 quilómetros e consiste na redefinición dos carrís de circulación, así como das bandas de aparcamento, no establecemento de glorietas nas encrucilladas das rúas Padre Seixas e Martín Echegaray e na implantación dunha nova sinalización horizontal e vertical e unha rede semaforica con sistema LED. Tamén se ampliarán as beirarrúas con lousa e bordo de granito gris alba.

A actuación abrangue un percorrido total de 2.200 metros, que discorren entre o Camiño de Caramuxo e Praza América, dos cales se dotarán de beirarrúas e aparcamento os primeiros 1.600 metros (dende Praza América ata a confluencia coa rúa Padre Seixas). No relativo ás obras de servizos nesta vía, procederá a complementar a rede de abastecemento existente cunha canalización de 350 mm de diámetro que conecta o Camiño do Caramuxo coa Praza de América. Ademais, renovaranse as acometidas domiciliarias e suplementaranse os servizos de rega e contra incendios.

En canto ao saneamento, renóvanse os treitos de saneamento entre as rúas García Lorca e a Praza de América e complementarase a rede de pluviais, para definir o saneamento da rúa completamente separativo.

Con motivo da existencia de tendidos eléctricos da rede de baixa tensión por fachada, desenvólvese unha canalización, para facilitar o posible soterramento das liñas, ademais de reforzar a canalización existente. Neste caso tamén se substitúe a iluminación existente por unhas novas e máis eficientes luminarias, logrando un maior rendemento lumínico e dotarase a rúa de arboredo.



O GOBERNO DA XUNTA APROBA UN INVESTIMENTO DE CASE 3,5 MILLÓNS DE EUROS PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DO CONCELLO DE CERCEDA

- *A Consellería de Economía e Industria fará efectivos tres convenios para a execución do proxecto do Centro de Desenvolvemento Tecnolóxico e de Formación, a primeira fase da ampliación do Polígono Industrial de Acevedo e a dotación de infraestruturas deportivas no campo do Roxo*

O Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura de tres convenios de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello de Cerceda por valor de case 3,5 millóns de euros. Estes acordos permitirán a posta en marcha do proxecto do Centro de Desenvolvemento Tecnolóxico e de Formación en Cerceda, o desenvolvemento das actuacións para a execución do proxecto de ampliación do Polígono Industrial de Acevedo (1ª fase), e a dotación de infraestruturas deportivas no campo do Roxo.

A consellería que dirixe Javier Guerra ten prevista unha achega de 2,6 millóns de euros para levar a cabo o proxecto de Centro de Desenvolvemento Tecnolóxico e de Formación en Cerceda. Economía e Industria e o Concello cercedense coinciden na necesidade de favorecer o desenvolvemento económico e industrial desta zona mineira para promover as novas tecnoloxías, a eficiencia enerxética e a sustentabilidade de xeito que redunde na especialización tecnolóxica e industrial da comarca. Este centro contará con instalacións entre as que se inclúen laboratorios, aulas de formación, despachos e oficinas, para que as súas actividades formativas se desenvolvan nas mellores condicións.

A Xunta achegará tamén 500.000 euros para poder programar unha ampliación do Polígono Industrial de Acevedo (1ª fase) coa que contribuir á nova implantación de proxectos empresariais derivada da diversificación produtiva que se viviu na zona. Ademais, a Consellería de Economía e Industria financiará a execución das obras para dotar o campo de adestramento do Roxo de infraestruturas deportivas tales como un vestiario e gradas. A achega da Consellería de Economía e Industria para levar a cabo o financiamento das obras de mellora do campo de adestramento ascende a 369.157 euros.

Estes acordos, derivados de colaboración específica entre o “Instituto para la Reestructuración de la Minería del Carbón y Desarrollo Alternativo de las Comarcas Mineras” e a Consellería de Economía e Industria, responden ao interese común da Xunta e da Administración local de Cerceda por favorecer o desenvolvemento económico, industrial e social das zonas mineiras e a aposta da Xunta de Galicia a prol dun desenvolvemento equilibrado da Comunidade.

A XUNTA AUTORIZA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO PARA A ANÁLISE DA VIABILIDADE DA UTILIZACIÓN DE HIDRÓXENO COMO MEDIO PARA AUMENTAR A DISPOÑIBILIDADE DO USO DA ENERXÍA EÓLICA

O Consello da Xunta de Galicia decidiu hoxe autorizar a sinatura da addenda ao convenio específico entre o Goberno galego, a Fundación Sotavento Galicia e Gas Natural para desenvolver un proxecto de análise da viabilidade da utilización de hidróxeno como medio para incrementar a dispoñibilidade do uso da enerxía eólica na Comunidade Autónoma.

A almacenaxe e modulación da enerxía eólica identificouse no acordo marco entre as tres partes como unha acción prioritaria pola súa consolidada implantación en Galicia. Ademais, a Consellería de Economía e Industria considera fundamental o apoio ao desenvolvemento daqueles proxectos que consoliden as tendencias evolutivas das tecnoloxías empregadas que fomenten a calidade da subministración eléctrica na nosa Comunidade Autónoma no avance cara a un marco enerxético sustentable.

O GOBERNO GALEGO AUTORIZA A SINATURA DUN CONVENIO ENTRE O IGAPE E O CEAGA PARA A POSTA EN MARCHA DO PLAN ESTRATÉXICO DO SECTOR DA AUTOMOCIÓN DE GALICIA PARA O ANO 2009

- *O acordo permitirá a concesión directa dunha subvención de case 880.000 euros para o sector da automoción en Galicia*
- *O clúster do sector da automoción comprométese a artellar de xeito coordinado coa Xunta proxectos e plans encamiñados á mellora das 76 empresas que o conforman e dos seus traballadores*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a concesión directa dunha subvención de 878.940 euros mediante un convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), dependente da Consellería de Economía e Industria, e a Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (Ceaga) para a posta en marcha do Plan Estratéxico do Sector da Automoción en Galicia (Pesa) no ano 2009.

Este convenio, mediante o cal o Igape proporciona apoio financeiro á Fundación Ceaga, supón un impulso para as 76 empresas que forman parte dela, incluíndo a máis grande de todas elas, como é PSA Peugeot Citroën, e que aglutinan a un conxunto empresarial líder en exportacións e en achegas ao PIB galego. O apoio do Igape busca maximizar as posibilidades do efecto multiplicador do sector da automoción de Galicia como estandarte da mellora continua e sostida da innovación e dunha singular contribución á economía da Comunidade Autónoma.

O obxectivo do convenio que permite a concesión desta subvención directa é a coordinación público-privada do Pesa para situar o sector da automoción de Galicia nunha posición de liderado europeo en competitividade, de xeito sostido, contribuíndo ao progreso e á calidade de vida.

Con base no acordo, Ceaga desenvolverá de xeito coordinado co Igape seis proxectos e plans para crear un observatorio da competitividade, atraer investimentos á automoción, dotar o Pesa dun plan de comunicación, avanzar na mellora dos recursos humanos e na mellora da produtividade e artellar medidas para afrontar a actual situación de crise e mellorar as finanzas e liquidez das empresas.

CULTURA E TURISMO DESTINARÁ 150.160 EUROS PARA O ACONDICIONAMENTO DAS INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS NO XACIGO ARQUEOLÓXICO DE AQUIS QUERQUENNIS DE PORTO QUINTELA EN BANDE

- *O convenio, asinado entre a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral para o Turismo, e o Concello de Bande ten como obxectivo potenciar e desenvolver o turismo nesa localidade así como na contorna en xeral, promovendo os seus recursos culturais e incentivando o coñecemento do patrimonio cultural, etnográfico e natural galego.*

O Consello da Xunta aprobará mañá un convenio de colaboración para acometer as obras de mellora de accesos e creación da área recreativa á praia-fluvial de Porto Quintela (Bande) e do centro de interpretación da citada localidade por un valor de 150.160 euros. O convenio, asinado entre a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral para o Turismo, e o Concello de Bande ten como principal obxectivo potenciar e desenvolver o turismo nesa localidade. Ademais, trata de poñer en valor a contorna en xeral e todo o patrimonio natural e histórico, susceptible da revalorización para recursos turísticos. Non en van, Ourense é a segunda provincia española con maior patrimonio arquitectónico.

O goberno galego redunda no seu compromiso co turismo en canto este funciona tamén como un factor de reequilibrio territorial. A aposta da Administración autonómica por potenciar estes valores turísticos baséase na importancia do sector turístico e no efecto multiplicador que este posúe tanto a nivel económico como socia.

A Consellería de Cultura e Turismo considera necesario colaborar de forma conxunta con outras institucións en ámbitos de conservación, protección e difusión do noso patrimonio natural, polo que destina esta contía co obxectivo de darlle un pulo ao turismo cultural da zona e incentivar o patrimonio histórico, etnográfico e cultural, procurando asemade a sensibilización ambiental sobre este.

O xacigo Aquis Querquennis, situado entre as vilas de Baños e Porto Quintela, é un extenso complexo arqueolóxico formado por un antigo campamento romano, ocupado entre o último cuarto do século I e mediados do século II, un poboado e unha mansión sitos na beira do que no seu día fora a Vía Nova, unha calzada romana que discorría entre Braga e Astorga. O xacigo é un dos núcleos urbanos máis importantes da Gallaecia interior, que permitía a conexión co país veciño, Portugal, que é un dos de maior afluencia de visitantes estranxeiros a Galicia.

Para efectos do presente convenio o concello renuncia expresamente á percepción de calquera tipo de taxa ou tributos por motivo das obras, como puideran ser licenzas de construción, de obras, de aperturas, etc.

Para lograr unha boa execución de ambos os dous proxectos crearase unha comisión de seguimento de composición paritaria, que coordinará o seu desenvolvemento no caso de ser necesario ou de existiren dúbidas, e entre cuxas funcións terá a de facer un seguimento de execución do convenio, sendo informada polas administracións asinantes das accións realizadas alomenos unha vez ao ano.

A aplicación orzamentaria de 150.160 euros está financiada a través do Plan FEDER.

O convenio asinado entre a Xunta e o Concello de Bande estará en vixencia ata o 31 de decembro de 2009.

CULTURA E TURISMO DESTINARÁ 467.711 EUROS PARA O REACONDIONAMENTO DO CAMIÑO REAL QUE CONDUCE Á MAIOR ACRÓPOLE GALEGA

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción do convenio de colaboración entre a consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral para o Turismo, e os concellos de Monterrei e Verín para a recuperación deste camiño histórico que conduce á maior acrópole galega e a potencialización turística da zona.*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción do convenio de colaboración entre a consellería de Cultura e Turismo, a través da súa Secretaría Xeral para o Turismo, e os concellos de Monterrei e Verín para o reacondicionamento do Camiño Real que conduce á maior acrópole galega por un importe total de 467.711 euros.

A Consellería de Cultura e Turismo considera necesario colaborar de forma conxunta con outras institucións en ámbitos de conservación, protección e difusión do noso patrimonio, susceptible da revalorización para usos turísticos.

O goberno galego redunda no seu compromiso co turismo en canto este funciona tamén como un factor de reequilibrio territorial. A aposta da Administración autonómica por potenciar estes valores turísticos baséase na importancia do sector turístico e no efecto multiplicador que este posúe tanto a nivel económico como social.

A través do reacondicionamento deste ben histórico promóvense os recursos culturais e incentívase o coñecemento do patrimonio cultural, etnográfico e natural galego que dinamice o turismo da zona. Non en van, Ourense é a segunda provincia española con maior patrimonio arquitectónico.

O Camiño Real atópase entre os concellos de Verín e Monterrei e foi construído entre os séculos XVI e XVII. Dentro do conxunto merece unha especial atención o castelo de Monterrei, un conxunto fortificado en que se asentaron liñaxes de familias como os Ulloa, os Zúñiga, os Fonseca ou os Duques de Alba, e que foi enclave estratéxico dende a Idade Media na fronteira con Portugal. Trátase da acrópole máis grande de Galicia e está formada por tres recintos amurallados sobre un alongado cumio.

Cláusulas

Os concellos de Verín e Monterrei poñerán á disposición da Consellería de Cultura e Turismo o tramo do Camiño Real que se vai a rehabilitar, do cal posúen a titularidade, co obxecto de que se leven a cabo as actuacións de reacondicionamento. Pola súa banda, Cultura e Turismo comprométese á elaboración, así como á supervisión e

aprobación do proxecto técnico, así como a contratar, dirixir e executar as obras de reacondicionamento do Camiño Real. A súa xestión, mantemento e conservación corresponderá, unha vez finalizada as obras, aos concellos de Monterrei e Verín.

As obras, que comezarán no barrio de San Lázaro de Verín, pasando O Caserío cara o Castelo de Monterrei, rematarán coa dotación dunha iluminación que permitirá o tránsito nocturno na vía así como a súa revalorización como parte integrante dos accesos ao castelo.

En concepto de financiamento, a cantidade total é de 467.711,56 euros, desagregados en dúas anualidades: 100.000 euros no ano 2009 e 367.711,56 no 2010. Esta aplicación orzamentaria está financiada a través do Plan FEDER.

O convenio de colaboración asinado cos concellos de Monterrei e Verín, que entrará en vigor a partir de mañá, estenderá a súa vixencia ata o 31 de agosto de 2010.

PRETO DE 20.000 TRABALLADORES MELLORARÁN A SÚA FORMACIÓN A TRAVÉS DUN PROGRAMA APROBADO HOXE NO CONSELLO DA XUNTA

- *Será a través de accións formativas, ao redor de 850 dirixidas prioritariamente a traballadores ocupados*
- *Este programa formativo, que conta con 11,6 millóns de euros de investimento, foi consensuado con sindicatos e patronal*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á orde pola que se convocarán as subvencións para os plans de formación sectoriais, dirixidos prioritariamente a traballadores ocupados. O número aproximado de persoas que se beneficiarán desta iniciativa é de 20.000.

O obxectivo deste proxecto é proporcionar ás persoas traballadoras a formación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral, co fin de que obteñan os coñecementos e prácticas adecuados aos requerimentos de produtividade e competitividade das empresas, e que sexan axeitados tamén ás aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento persoal dos traballadores.

Para poñer en marcha estes plans de formación, a Consellería de Traballo e Benestar achega un financiamento por importe de 11,6 millóns de euros, cofinanciados polo Fondo Social Europeo e pola Administración Xeral do Estado.

Estas accións formativas –das que se executarán ao redor de 850- están dirixidas a traballadores ocupados, pero tamén poderán beneficiarse delas as persoas desempregadas, cun límite máximo dun 40 por cento.

Así, poderán solicitar a súa participación as persoas traballadoras asalariadas que prestan os seus servizos en empresas privadas ou entidades públicas empresariais; as persoas traballadoras fixas discontinuas nos períodos de non ocupación; os que accedan a situación de desemprego cando se encontren en período formativo, ou os traballadores que se acolleran a regulación de emprego nos seus períodos de suspensión.

Tamén poderán optar a esta formación os traballadores incluídos nos réximes especial agrario, de autónomos, do mar e outros da Seguridade Social que non coticen pola contixencia de formación profesional; os socios traballadores de cooperativas e sociedades, así como os coidadores non profesionais no que atinxe á oferta sectorial no eido dos servizos de atención ás persoas dependentes.

Con todo, e co fin de garantir o acceso aos traballadores con maior dificultade de inserción ou mantemento no mercado laboral, poderán ter prioridade os traballadores de pequenas e medianas empresas, as mulleres, os afectados e vítimas do terrorismo

e da violencia de xénero, os maiores de 45 anos, os traballadores con baixa cualificación e as persoas con discapacidade.

No que respecta ao contido dos cursos, a orde prioriza as accións formativas sectoriais das seguintes áreas: fabricación mecánica, electricidade e electrónica, e instalación e mantemento; o comercio e a hostalaría; agro-pesqueira; téxtil e confección; enerxía, auga e química; servizos á comunidade (actividades socioculturais, seguridade e medio ambiente, sanidade, imaxe persoal); transportes; Administración, informática e novas tecnoloxías (inclúe artes gráficas, imaxe e son); construción, industrias extractivas, e madeira e moble, xunto con calidade e prevención de riscos laborais.

Bolsas de apoio e duración

Os participantes nestes cursos de formación poderán percibir distintas modalidades de bolsas e axudas, para o transporte, a manutención e o aloxamento, sempre que cumpran os requisitos marcados pola orde. Tamén se recollen axudas á conciliación, no caso das persoas desempregadas que teñen que conciliar a súa asistencia á formación co coidado de fillos menores de 6 anos ou de familiares dependentes ata segundo grao.

Xa no que se refire ás entidades beneficiarias, poderán solicitar as subvencións para a execución dos plans de formación as organizacións empresariais e sindicais representativas no correspondente sector, as entidades creadas ao abeiro da negociación colectiva sectorial e representativas no ámbito autonómico, e as organizacións empresariais e sindicais que participan na negociación colectiva sectorial no ámbito autonómico, provincial ou estatal.

A execución dos plans de formación irán desde o día 1 de setembro de 2009 ata o 31 de agosto de 2010. Polo que se refire ás accións formativas, estas non poderán ter unha duración inferior a 10 horas nin superior a 270, salvo que haxa unha autorización expresa da Dirección Xeral de Formación e Colocación. En todo caso, a duración non será superior ás 8 horas diarias. As modalidades poderán ser presenciais, distancia convencional, teleformación ou mixtas.

A XUNTA PON EN MARCHA O PROGRAMA IMPULSA- OURENSE CO OBJECTIVO DE INCENTIVAR OS INVESTIMENTOS PRODUTIVOS, FOMENTAR A ACTIVIDADE EMPRESARIAL, E CREAR EMPREGO E A CONVERXENCIA DA PROVINCIA

- *Este Programa apóiase no Plan estratéxico Ourense 2010, un instrumento elaborado no ano 2001 polo Inorde co consenso dos axentes económicos e sociais da provincia e que agora será actualizado*
- *O IMPULSA- OURENSE terá un período de vixencia de 6 anos, será xestionado polo IGAPE, que abrirá na Delegación Territorial unha Oficina de xestión, e contará coa participación de todos os actores implicados: Administración, patronal e sindicatos*
- *Ata a actualización do Programa, poñeranse en marcha medidas transitorias de apoio ao investimento das que poderán beneficiarse todos os sectores económicos da provincia de Ourense: axudas directas para proxectos de investimento, préstamos subvencionados, e préstamos do Banco Europeo de Investimentos*
- *O Programa IMPULSA- OURENSE é complementario ao resto de medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia, como o Plan de choque, o Plan Re-móvete, as medidas para fomentar os avais, ou o Plan MOVE*

A Xunta de Galicia porá en marcha o Programa IMPULSA- Ourense co obxectivo de incentivar os investimentos produtivos e fomentar as actividades empresariais, creando emprego co obxecto de acadar a igualdade de oportunidades e a cohesión territorial de Galicia. O Programa IMPULSA- OURENSE conta coa participación conxunta de todos os actores implicados: administracións, patronal e sindicatos.

Este Programa apóiase no Plan estratéxico Ourense 2010, un instrumento de identificación dos grandes problemas e alternativas da provincia elaborado no ano 2001, que foi consensuado cos axentes económicos e sociais da provincia, e que está liderado pola Deputación de Ourense a través do Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico (INORDE). Este Plan foi deseñado coa participación de varios grupos de traballo sectoriais e reuniu máis de 800 propostas diferentes. O consenso permitiu determinar os temas prioritarios e seleccionar 16 proxectos dinamizadores.

A Xunta de Galicia financiará a actualización deste Plan estratéxico, que se executará con base os eixes estratéxicos que xa contiña o documento de 2001: capitalización humana, competitividade e desenvolvemento empresarial, optimización dos recursos naturais, centralidade na Eurorrexión galaico- portuguesa, e cohesión intraprovincial e articulación territorial.

O horizonte temporal do Programa IMPULSA- Ourense será de 6 anos, ata 2015. O desenvolvemento deste Plan será xestionado polo IGAPE a través dunha oficina de xestión, que estará situada na Delegación Territorial. Pola súa banda, a Dirección Xeral de Planificación e Fondos da Consellería de Facenda encargárase de realizar un seguimento da aplicación do Plan IMPULSA- Ourense, para avaliar o impacto das medidas postas en marcha.

Ademais, e para favorecer desde un primeiro momento o investimento privado, poñeranse en marcha unha serie de medidas de apoio ao investimento. Os investimentos que se apoiarán durante este período transitorio afectarán o conxunto de sectores económicos e municipios da provincia de Ourense, á espera súa actualización e a determinación das novas prioridades e as correspondentes medidas.

Actuacións incluídas no Programa

O programa inclúe, ademais da actualización do Plan estratéxico, a posta en marcha de axudas específicas, e de medidas transitorias de apoio ao investimento que se aplicarán ao conxunto de sectores económicos e municipios da provincia de Ourense.

O Plan estratéxico será actualizado a partir dun concurso público que convocará a Xunta de Galicia, a través do IGAPE. Este Plan estratéxico incluírá os sectores económicos e áreas territoriais para potenciar; concreción de obxectivos e medidas específicas; establecemento de prioridades estratéxicas; deseño dun plan de avaliación e os correspondentes indicadores de seguimento; plan de comunicación e divulgación; e unha folla de ruta para o desenvolvemento do Programa IMPULSA-Ourense.

A actualización do plan estratéxico xa existente servirá para dar continuidade e seguimento ás actuacións xa previstas. Neste sentido, o delegado de Ourense celebrará reunións cos alcaldes, cos representantes institucionais das distintas comarcas e cos axentes económicos e sociais da provincia, coa finalidade de que os principais implicados no desenvolvemento do plan estratéxico de 2001 poidan facer unha avaliación e proporcionar datos relativos ao estado de situación.

Ademais do papel do IGAPE, a Dirección Xeral de Planificación e Fondos da Consellería de Facenda encargárase de realizar un seguimento da aplicación do Programa. Ambos os departamentos coordinarán accións de comunicación, formación e asistencia técnica para a presentación e xestión de proxectos, especialmente dos que supoñan a contribución de fondos europeos, ademais de realizar propostas para a mellora do Programa segundo se vaia desenvolvendo.

O Programa IMPULSA-*OURENSE* inclúe, tamén, a constitución dun Comité de seguimento co obxectivo de dispoñer dun mecanismo de coordinación coas diferentes administracións e axentes económicos e sociais; un comité que ten como obxectivo a

implicación de todas as administracións e axentes económicos e sociais, e que estará presidido polo conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e no que participarán ademais o director xeral do IGAPE, o director xeral de Planificación e Fondos, o delegado territorial de Ourense, o presidente da Deputación provincial de Ourense, representantes dos sindicatos, da Confederación de empresarios de Ourense, da Cámara de Comercio, e un responsable da oficina de xestión.

Iniciaranse, ademais, os contactos co alcalde de Ourense e co subdelegado do Goberno para que se poidan implicar no desenvolvemento do Plan IMPULSA-Ourense, e polo tanto no Comité de seguimento, xuntando os esforzos das diferentes administracións. As reunións do Comité celebraranse con carácter cuatrimestral.

Medidas transitorias de apoio ao investimento

As medidas transitorias que estarán en vigor ata a posta en marcha do Plan estratéxico inclúen axudas directas e préstamos subvencionados. No caso das axudas directas, o importe mínimo do investimento para poder acollerse a estas medidas rebaixarase a 200.000 euros desde os 500.000 vixentes; nos proxectos de primeira implantación garantirase un mínimo de subvención do 20%; e elevarase o límite máximo actual de subvención do 30 ao 50% para investimentos realizados por pequenas empresas, e ao 40% para medianas empresas.

En canto aos préstamos subvencionados, o IGAPE concederá, a través dos convenios asinados co ICO, e as entidades de garantía recíproca en que se establece unha relación de actividades subvencionable, unha subsidiación de 0,65 puntos con carácter xeral, aos que se engadirán 2 puntos máis aos proxectos impulsados na provincia de Ourense (0,85%).

Finalmente, realizarase unha subsidiación temporal do financiamento outorgado polo BEI para facer efectivo un tipo de xuro do 0%. Ademais, durante o período de aplicación destas medidas reservaranse 12,5 millóns de euros para proxectos en Ourense.

Plan complementario a outros programas

O Plan IMPULSA- Ourense é complementario ao resto de medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia nos diferentes ámbitos de actuación, como o Plan de choque, o Plan Re-móvete ou as medidas para fomentar os avais.

No ámbito das infraestruturas, de forma particular, o Plan IMPULSA- Ourense terá en conta as actuacións que estaban recollidas no Plan estratéxico de 2001. Teranse en conta os proxectos incluídos dentro do Plan MOVE.

Coa finalidade de dar a coñecer o contido do Plan e obter así un maior impacto, o IGAPE levará a cabo diferentes actuacións: publicidade na web do IGAPE e nos

medios dispoñibles por parte das institucións participantes no Comité de seguimento; edición dun folleto para dar maior visibilidade ao Plan; e publicación dun boletín informativo de carácter cuatrimestral, que se poñerán á disposición de todos os cidadáns interesados no eido comarcal e municipal.

Realidade económica e social da provincia de Ourense

No informe sobre o Programa IMPULSA- Ourense coñecido hoxe polo Consello da Xunta, inclúense unha serie de indicadores económicos que avalan a posta en marcha deste Programa.

A taxa de crecemento anual da poboación en España é do 2,12%, en tanto que para Galicia acada o 0,42% e para Ourense o -0,25%; mentres que o índice de envellecemento (poboación maior de 64 anos/ poboación menor de 20) é para Galicia do 136,7% e para Ourense, do 209,8%. Ademais, e en termos de renda, o ingreso medio por fogar para España acada os 2.044 euros, descendendo a media a 1.923 euros en Galicia, e a 1.581 en Ourense.

Se se analiza o total de empresas que teñen a súa sede social en Galicia (205.906), o 11,65% destas empresas encóntranse en Ourense, o 12,32% en Lugo, o 34,21% en Pontevedra, e o 41,82% na Coruña.

A XUNTA ENCARGA O PROXECTO DO NOVO EDIFICIO XUDICIAL DE OURENSE, QUE ESTARÁ EN OBRAS NO SEGUNDO SEMESTRE DE 2010

- *A nova infraestrutura poderá albergar 24 xulgados e estará rematada no 2013*
- *O Plan de infraestruturas xudiciais recolle sete actuacións na provincia, cun investimento previsto de case 20 millóns de euros*

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza vén de facer por un importe de 472.000 euros o encargo á Sociedade Pública de Investimentos (SPI) do proxecto básico e de execución do novo edificio xudicial de Ourense, de tal xeito que a mediados do vindeiro ano 2010 se poderán comezar as obras desta infraestrutura fundamental para a prestación do servizo de Administración de Xustiza en Ourense.

O novo edificio xudicial de Ourense conta cunha previsión orzamentaria estimada de 15 millóns de euros e o obxectivo da Xunta é que estea en pleno funcionamento no ano 2013. A nova infraestrutura terá capacidade para albergar 24 órganos xudiciais e as oficinas da Fiscalía, así como 14 salas de vistas, arquivo e unha sala de vodas.

O novo edificio é a obra máis importante das actuacións nas sedes xudiciais que a Consellería de Presidencia levará a cabo na provincia de Ourense e que se atopan recollidas no Plan de infraestruturas xudiciais. Precisamente, o conselleiro de Presidencia aproveitou a celebración hoxe do Consello en Ourense para presentar un informe sobre os principais proxectos para a provincia no marco deste importante plan, que dende agora ata dentro de seis anos prevé un investimento de case 20 millóns de euros en obras de nova construción, rehabilitación ou mellora de edificios xudiciais na provincia de Ourense.

Así, está previsto que tamén no ano 2010 se leve a cabo unha importante actuación no edificio xudicial de Celanova, en que se investirán 300.000 euros para ampliar o xulgado e instalar un ascensor interior e unha rampla para garantir a accesibilidade ao edificio ás persoas con algunha discapacidade.

Tamén no edificio xudicial do Carballiño vai ser executado o vindeiro ano un proxecto de rehabilitación e mellora, que pasa pola instalación dun ascensor para solucionar os problemas de accesibilidade e pola rehabilitación e ampliación das instalacións. A obra conta cun orzamento de case 350.000 euros, estando prevista a súa execución a través da Sociedade Pública de Investimentos.

Ademais, hai previstas obras de pequena envergadura pero grande importancia de cara á súa operatividade nos edificios xudiciais da Pobra de Trives –arranxo de fiestras exteriores-, Ribadavia –reparación do sistema de calefacción-, e Verín –reparacións varias-.

Finalmente, o proxecto xudicial da provincia que se atopa máis avanzado é o do novo edificio xudicial no Barco de Valdeorras, en cuxa construción se invisten 2,2 millóns de euros e que estará rematado a finais deste mesmo ano. O novo edificio consta de planta baixa e catro plantas superiores onde se instalarán os dous xulgados de Primeira Instancia e Instrucción, ademais do Rexistro Civil e as dependencias da Forensía, tendo espazo suficiente para albergar un terceiro xulgado no caso da súa futura creación.

A XUNTA DE GALICIA INVESTIRÁ MÁIS DE 112,5 MILLÓNS DE EUROS NO PERÍODO 2010-2013 EN 88 ACCIÓNS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO EN 56 CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE

- *O global destas actuacións promovidas dende Augas de Galicia beneficiarán a unha poboación de case 280.000 habitantes, o 84% da provincia de Ourense,*
- *A Consellería de Medio Ambiente elaborou un plan de actuación en materia hidráulica, en que se identifican as necesidades dos diferentes concellos e se estima o custo das obras necesarias para alcanzar os estándares mínimos*
- *Este plan está elaborado con base nuns obxectivos: garantir a subministración de auga en cantidade e calidade adecuada a todos os núcleos de poboación e contribuír á consecución do bo estado ecolóxico das augas*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou un plan que recolle un investimento de máis de 112,5 millóns de € durante o período 2010-2013 no abastecemento e saneamento de 56 concellos da provincia de Ourense, en que se levará a cabo un total de 88 actuacións en materia hidráulica. Estas actuacións, que beneficiarán a preto de 280.000 ourensáns, o 84% da poboación, están dentro dun Plan específico para toda a provincia que promove a Administración hidráulica de Galicia. O proxecto está elaborado no cumprimento de varias premisas como: unha planificación en materia hidráulica aprobada para esta provincia; o seguimento das directrices comunitarias, en concreto a norma Marco da Auga e a Directiva 91/271/CEE; a garantía da subministración de auga en cantidade e calidade adecuada a todos os núcleos de poboación; e consecución do bo estado ecolóxico das augas.

O plan en que traballa a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ten por finalidade establecer pautas de actuación para implantar un sistema de xestión que resolva a actual problemática das explotacións das depuradoras nesta provincia. Está fundamentado en catro programas básicos: saneamento e depuración de augas residuais, para os que se reservan un total de 63 millóns de euros; abastecemento e regulación de recursos hídricos, en que se investirán 14,3 millóns de euros; colaboración técnico-financeira en materia de abastecemento e depuración, cun orzamento de 28,5 millóns; e explotación de estacións depuradoras, o que suporá 6,6 millóns de euros neste período.

INVESTIMENTOS TOTAIS EN MATERIA DE INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS NA PROVINCIA DE OURENSE 2009-2013			
LIÑA DE TRABALLO		INVESTIMENTO TOTAL	
INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS	SANEAMENTO	63.011.034 €	105.901.261 €
	ABASTECIMENTO	14.390.587 €	
	COLABORACIÓN TÉCNICA E FINANCEIRA	28.500.000 €	
EXPLOTACIÓN DE EDARs		6.615.581 €	6.615.581 €
TOTAIS		112.517.202 €	112.517.202 €

O departamento de Medio Ambiente pretende ademais, nesta nova etapa, integrar todos os instrumentos da política hidráulica para contribuír a fomentar un uso racional da auga e preservar a súa calidade, atendendo sempre a un uso sustentable.

Optimización

No caso da provincia de Ourense hai que ter en conta que as confederacións hidrográficas do Miño-Sil e do Douro teñen as competencias no relativo á xestión do dominio público hidráulico. Nese senso, as liñas de traballo que desenvolverá por Augas de Galicia no relativo a augas residuais son promover actuacións que melloren os sistemas de saneamento, ademais de evitar as verteduras aos ríos galegos. No caso dos recursos hídricos, Augas de Galicia pauta accións coa finalidade de conseguir unha optimización, incremento e aforro dos recursos, ademais de garantir a calidade e cantidade da auga necesaria para o abastecemento. No caso das explotacións das Edars, Augas de Galicia –apoiada na nova Lei de augas- é responsable de implantar un novo modelo de xestión para a explotación de depuradoras.

Tal e como se apuntaba, Augas de Galicia estipulou un capítulo de actuación para establecer accións en materia hidráulica cos concellos. Deste xeito, as corporacións locais, con competencias nos servizos de abastecemento, redes de sumidoiros e depuración, nun gran número de casos recoñecen dificultades para o desenvolvemento destes proxectos hidráulicos. Consciente desta realidade, Augas de Galicia establece unha liña de colaboración técnica e financeira coas entidades locais. Estas liñas de traballo teñen o fundamento claro de garantir a subministración de auga en cantidade e calidade adecuada a todos os núcleos de poboación que indique a planificación hidrolóxica na provincia de Ourense (caso do abastecemento), e contribuír á consecución do bo estado ecolóxico das augas.

TRABALLO APOIARÁ ACCIÓNS DE AUTOEMPREGO PARA PERSOAS EN PARO QUE ESGOTARON AS SÚAS PRESTACIÓNS E SUBSIDIOS

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe unha orde pola que se financiarán os gastos e os investimentos máis importantes que se producen na creación dunha empresa*
- *O Goberno galego facilitará o acceso ao financiamento externo, chegando a subvencionar ata 6 puntos de xuro dos créditos bancarios que se soliciten para levar a cabo os investimentos en activo fixo*
- *Apoiarase a creación dos postos de traballo tanto dos propios promotores como dos traballadores por conta allea*
- *O programa conta cun orzamento de 250.000 euros e o prazo para presentar as solicitudes será dun mes contado desde a publicación da iniciativa no DOG*
- *As axudas dan resposta a un dos compromisos adquiridos no Plan de medidas urxentes para facer fronte á crise económica*

A Consellería de Traballo e Benestar apoiará as persoas en paro que esgotaran as súas prestacións e/ou subsidios pór desemprego e que queiran por en marcha a súa propia empresa a través dunha orde que aprobou hoxe o Consello da Xunta e que conta cunha partida orzamentaria de 250.000 euros.

Por unha banda, o departamento autonómico subvencionará a creación dos postos de traballo tanto dos propios promotores como dos traballadores por conta allea que desenvolvan contratacións e, por outro lado, facilitarase o acceso ao financiamento externo chegando a subvencionar ata 6 puntos de xuro dos créditos bancarios que se soliciten para levar a cabo os investimentos en activo fixo.

Ademais, o Goberno galego apoiará os gastos correntes circulantes, incluídos os de constitución da empresa, e, ao mesmo tempo, concederanse axudas para a formación empresarial dos promotores para mellorar as posibilidades de supervivencia da nova empresa e para a contratación dos estudos e informes que sexan necesarios para optimizar o funcionamento da firma.

En definitiva, a Consellería financiará parcialmente os gastos e os investimentos máis importantes que se producen no inicio da actividade da nova empresa cun sistema de apoio compatible con outras medidas de apoio como os avais do Igage para autónomos.

Para cumprir co obxectivo, o orzamento destinado a este programa ascende a 250.000 euros. Os interesados en optar a estas axudas poderán presentar as súas solicitudes no prazo dun mes contado desde a publicación da orde no Diario Oficial de Galicia (DOG).

A iniciativa da Consellería de Traballo e Benestar dá resposta a un dos compromisos asumidos a través do Plan de medidas de actuación urxente fronte á crise para paliar a situación das persoas traballadoras que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego.

Así, o programa quere apoiar o autoemprego e o emprendemento dos traballadores que decidan crear o seu propio posto de traballo, xa que a reincorporación ao mercado de traballo a través da posta en marcha da propia iniciativa empresarial é unha opción cada vez máis utilizada polas novas oportunidades de negocio que están a xurdir e pola configuración dunha sociedade cada vez máis emprendedora e partidaria de arriscar.

O departamento autonómico considera que a reincorporación ao mercado de traballo das persoas que esgotaron a súa prestación por desemprego non se debe enfocar unicamente desde a perspectiva de lles facilitar un contrato temporal en colaboración coas entidades locais e outros colectivos sen ánimo de lucro ou a través de incentivos ás empresas privadas.